



Concello de  
**OURENSE**  
Urbanismo

SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA  
NEGOCIADO DE PLANEAMENTO URBANISTICO

Rúa García Mosquera, núm.19  
32005 – Ourense  
Tel. 988388104

**Cod. Exp. 2011002613**

**Asunto:** Inclusión de sentenza 00591/2016 de seis de outubro de 2016 ditada en procedemento ordinario 0004576/2011, no apartado de “TRANSPARENCIA”

**Destinatario:** PAXINA WEB MUNICIPAL

**DILIXENCIA:**

Rogo se inclúa no apartado de TRANSPARENCIA: “A. Transparencia Activa e Informacións sobre a Corporación Municipal” – “PUBLICIDADE ACTIVA SOBRE OS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAIS, INFORME E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS” – “20. Resolucións xudiciais que afectan ao Concello” o anuncio que se achega.

Ourense a 15 de maio de 2017  
O XEFE DO SERVIZO EN FUNCIÓNS  
(P.D. Decreto 2017000153 do 12 de xaneiro)  
Asdo. José Manuel Oliver Rivera



**Cod. Exp. 2011002613**

**TEXTO:**

Anuncio polo que se lle da publicidade á parte dispositiva da sentenza 00591/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o procedemento ordinario 4576/2011 en relación co Decreto 187/2011 da Xunta de Galicia, de 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e apróbase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, interposto por “Xardín das Burgas, S.A.”, se ditou sentenza 00591/2016, de seis de outubro, pola que estimase o recurso contencioso-administrativo interposto.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 72 e 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentenza, resolverse dar publicidade a su parte dispositiva, que a seguir se transcribe:

“FALLAMOS que debemos ESTIMAR e ESTIMAMOS o recurso contencioso-administrativo interposto pola Procuradora Dª María Fara Aguiar Boudín, en nome e representación de Xardín das Burgas, S.A.; contra o Decreto 187/2011, de 29 de setembro, da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e apróbase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento; e ANULAMOS o Decreto recorrido.

Sen condena en costas.

Contra esta sentenza cabe interpor, ben ante o Tribunal Supremo, ben ante a correspondente Sección desta Sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da LRXCA, que haberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta Sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 de dita lei.”

Así mesmo a sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou auto no senso de inadmitir a trámite o recurso de casación núm. 190/2016 preparado pola Xunta de Galicia e o Concello de Ourense contra a sentenza 00591/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ourense, 15 de maio de 2017  
O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo. Jesús Vázquez Abad